
Probas de acceso a ciclos formativos de grao medio

Lingua galega

CMPS002

Parte sociolingüística

1. Formato da proba

Formato

- A proba consta de dous textos e vinte cuestións tipo test, distribuídos deste xeito:
 - Texto 1: cinco cuestións tipo test.
 - Texto 2: cinco cuestións tipo test.
 - Bloque de dez cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas das que soamente unha é correcta.

Puntuación

- 0,50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0,10 puntos.
- Polas respostas en branco non se descontará puntuación.
- No caso de marcar máis dunha resposta por pregunta considerarase como unha resposta en branco.

Materiais e instrumentos que se poden empregar durante a proba

- Bolígrafo con tinta negra ou azul.

Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 50 minutos.



2. Exercicio

Texto 1

Día das Letras Galegas 2024

- 5 No tempo en que había reis na Galiza, houbo un que tivo fama de nobre, xusto e de bo corazón. Durante o seu reinado nada faltou ás xentes, nin o millo, nin o peixe, nin o gando. As vilas eran pequenas, pero todas elas ben diferentes. Se en Carral había pan, en Cambre queixos e leite, en Muros e Vigo peixe a manchea, en Santiago artesáns cantos se quixer, e na Coruña comerciantes que vendían e compraban, ademais de faceren beneficiosos tratos cos outros países de alén mar. Este rei chamábase Artur, en honra doutro monarca que disque fora seu parente.
- 10 Este rei tivo dous fillos, Afonso e Pedro, criados severamente, mais sen descoido das máis nobres artes como son a música e as cantigas, nas que axiña destacaron como moi bos tanxedores de zanfona, tiorba e lira, dado que os instrumentos de sopro (...) non conviñan aos de avoengo real pola deformidade que o esforzo puña no xesto de tan nobres faces. (...)
- 15 Como os fillos eran dous e este rei só quería o mellor para o seu pobo, pensou como resolver o problema da sucesión antes de que ocorrese calquera desgraza. Non parecía ben a Artur a lei pola que o herdeiro fose o primoxénito, como facían noutros lugares, pois podía darse o caso de que o primoxénito fose máis contrario aos intereses do reino que o segundo, ou ben preferise unha vida máis descansada e libre de preocupacións. (...)
- 20 A solución estaba en que fixese dúas chaves do reino, unha de ouro e unha réplica de ferro. (...) Coas dúas podíase abrir a porta do reino, pero só coa de ouro viría a fortuna, en tanto que a de ferro abriría a porta a todo canto ladrón, estafador e pendencieiro houber, traendo a ruína ás xentes, o debilitamento da coroa e un forte vento que iría derrubando un a un os castelos, arrancando as árbores dos bosques, invadindo e saqueando as vilas que ata entón eran prósperas e felices.

Luísa Villalta Gómez, *As chaves do tempo*, Promocións Culturais Galegas, 2001. (adaptación)

1. Segundo o texto, o rei Artur:

- A Estaba a reconstruír un castelo do seu reino que fora derrubado por un forte vento.
- B Pensaba que o fillo que nacera primeiro debía ser o herdeiro cando el morrese.
- C Era pai de dous fillos que foran educados de xeito estrito, con dureza e rigor.



2. Segundo o texto de Luísa Villalta, cal é a afirmación **incorrecta**?

- A Artur estaba preocupado pola cuestión da transmisión da súa coroa a un descendente.
- B Afonso tocaba instrumentos musicais considerados axeitados para a nobreza da época.
- C Pedro chegou a ser rei por ter nacido primeiro, en tanto que Afonso foi sempre príncipe.

3. No enunciado "países de alén mar" a palabra *alén* (liña 5ª) significa:

- A Máis alá de.
- B Máis preto de.
- C Máis acá de.

4. Segundo o fragmento da obra *As chaves do tempo*, cal é a afirmación **correcta**?

- A Afonso foi educado de xeito distinto a Pedro, porque estaba destinado a ser o sucesor.
- B A chave de ouro abre a porta do reino a un conxunto de bens e riquezas para a xente.
- C Pedro recibiu o obxecto máxico que trae a desgraza e a ruína ao pobo do reino.

5. A palabra *primoxénito* (liñas 13ª e 14ª) significa:

- A Fillo que naceu primeiro.
- B Curmán do fillo do rei.
- C Herdeiro elixido polo pobo.



Texto 2

Un muíño de 200 anos con fábrica de papel en Neda

5 Como banda sonora de Neda, o murmurio do río Beelle impera no antigo muíño do Carrizo. Xunto a este edificio de dous séculos de historia, álzanse restos da antiga fábrica de papel. (...) Este predio de cinco hectáreas foi rescatado por unha parella de Aragón. Os educadores ambientais Xavier Pujol e Lola Calderón (...) crearán un espazo de divulgación tanto do muíño, como da fábrica de papel e mais dun ecosistema de gran riqueza. O proxecto inclúe a produción de fariña con investigación de variedades antigas de cereal, e unha zona de baño xunto á casa (...).

10 Xavier e Lola coñeceron este espazo por un anuncio: «Queríamos cambiar ao clima atlántico e encantounos recuperar un patrimonio en degradación». A fábrica cítase no dicionario de Madoz de 1849, aínda que seguramente sexa anterior. O muíño é da mesma época, e nos anos 40 do século XX foi remodelado por Alejandro Mera, *O Carrizo*. Na planta superior vivirán Xavier e Lola cando rematen a reforma. (...)

15 Das catro moas do muíño, dúas servían para fariña de consumo humano e as outras dúas para penso. «Atopamos o carpinteiro que fixo o rodicio (a peza que move a auga e que pon en marcha o muíño). Tamén hai vestixios da fábrica como unha pía de pedra onde se abatanaban as teas coas que se facía o papel». A moenda rematou a finais dos 80 e O Carrizo deixou de habitarse nos 90.

20 Regresarán os animais, do mesmo xeito que co anterior propietario: «Ovellas, porcos ou galiñas; cos seus produtos e cos da horta faremos degustacións». E para as visitas tamén interpretarán «a biodiversidade coa ra ibérica, excelente bioindicadora de saúde do ecosistema, a píntega común e o tritón ibérico». Hai un monte que reconverterán en bosque autóctono: «Gústanos ver como era isto en fotos antigas. A paisaxe está moi degradada polos eucaliptos. Estamos a aprender algo de galego para nomear os ameneiros e os bidueiros». E no seu monte xa van asomando carballos e castiñeiros.

[https://galego.lavozdeg Galicia.es/noticia/ferrol/neda/2023/12/05/pareja-aragon-rescata-molino-neda-primavera-eterna/0003_202312F5C6_COPY991.htm] (adaptación)

6. Segundo o texto, o muíño do Carrizo:

- A Funciona como fábrica de papel a partir da reciclaxe de tecidos vellos.
- B Recibe este nome debido ao propietario que o reformou no século pasado.
- C Acolle un programa de educación ambiental do concello para o alumnado.



7. Na palabra *hectáreas* (liña 3ª) o elemento de orixe grega *hect-* significa:

- A Dez.
- B Mil.
- C Cen.

8. Segundo o texto, cal é a información **correcta**?

- A Os veciños da comarca van axudar a restaurar o muíño, o bosque autóctono próximo ao edificio vai ser reconvertido e as modernas variedades de cereais serán transformadas en fariña para vender.
- B Os novos propietarios do muíño querían mudar de lugar de residencia, a súa área de traballo está relacionada co medio ambiente e teñen un proxecto de reestruturación do edificio para renovalo.
- C Os eucaliptos contribúen á preservación da paisaxe galega autóctona, os novos inquilinos habitarán no andar inferior do edificio e o anterior propietario colaborará no programa de degustación.

9. Nas palabras *biodiversidade* e *bioindicadora* (liña 20ª) o elemento de orixe grega *bio-* significa:

- A Vida.
- B Animal.
- C Planta.

10. Segundo o texto, cal é a información **incorrecta**?

- A As tres especies de animais que verán as visitas non permiten interpretar a biodiversidade do lugar.
- B "Ameneiro" e "bidueiro" son palabras aprendidas polos novos propietarios para designar árbores.
- C A historia do edificio do muíño e mais da fábrica de papel abarca os últimos douscentos anos.



Bloque de cuestións

11. Cal é a oración que contén un **uso correcto** do infinitivo persoal?

- A Os alumnos tivemos que voltarmos axiña da nosa excursión a Figueiredo.
- B O seu pai convenceuno para iren xuntos ás festas do verán de Briteiros.
- C Os xogadores esquecéstesvos de cerrarmos a porta do campo da Macieira.

12. Cal é a oración que contén un xerundio que funciona como complemento circunstancial de modo?

- A Falando enténdense as persoas.
- B Falar é importante para o diálogo.
- C Deixaron falado ese asunto antes de irse.

13. Cal destas oracións contén un **castelanismo** (vocábulo ou modo de falar propio do castelán empregado noutra lingua)?

- A A forma 'orsai' é unha adaptación con "r" da palabra offside, que significa 'fóra de xogo'.
- B As tragaperras son unas máquinas de xogos de azar en que se aposta diñeiro para gañar un premio.
- C A palabra elite designa un conxunto de persoas privilexiadas polo seu poder económico ou social.

14. Cal é a oración que contén un **uso incorrecto** dos pronomes persoais átonos?

- A El díxocheme que xa acabou a ESO.
- B Ela vaivos comprar sempre a esa tenda.
- C Eu xa te contei o final desa película.

15. Cal é a serie de palabras **correcta**?

- A Luns, fax, oasis, peles, azuis, leis, caracois.
- B Martes, azules, bocois, papeles, vacas louras.
- C Xoves, leies, irmás, cruels, papos rubios.



16. Cal é a serie que contén palabras só de xénero feminino?

- A Costume, sal, masacre, labor, sangue, cárcere.
- B Cerdeira, arte, fraude, cor, paisaxe, vontade.
- C Diadema, nariz, leite, couce, fel, arame.

17. Cal é a serie que contén palabras derivadas?

- A Gato montés, pita do monte, garda civil, cabalo de mar.
- B Ollomol, mirasol, xirasol, papasol, chuchamel.
- C Casal, caseiro, caseta, casarío, casoupa, caseño.

18. Cal é a serie de palabras correctamente acentuada?

- A Ademáis, textil, kárate, aínda, médula, chapéu.
- B Atmosfera, réptil, heroe, chofer, dolmen, mísil.
- C Animáis, mobil, diócese, tepedo, lápis, papéis.

19. Cal é a oración correctamente escrita?

- A Antia fixo un no mais forte a corda para que o columpio ficase ven suxeito a pola do árbol.
- B Aroa so tén un rato para comprar dúas bólas de pan, debido as prisas para chegar temprano.
- C André estaba só, cos pés sobre a mesa, tomando un té, mentres vía a chuvia caer fóra da casa.

20. Cal é a afirmación correcta?

- A O adxectivo explicativo ou epíteto serve para atribuír a un substantivo unha calidade que non lle é propia (por exemplo: *casa amarela; rapaz louro*).
- B O adxectivo en grao superlativo absoluto indica unha calidade no grao máximo sen comparala con nada (por exemplo: *O que dixo está clarísimo*).
- C O adxectivo pode expresar catro graos segundo a intensidade con que cualifica o substantivo que acompaña (por exemplo: *abundante, máis abundante, superabundante, abundantísimo*).



3. Solución para as preguntas tipo test

Nº	A	B	C	
1			X	
2			X	
3	X			
4		X		
5	X			
6		X		
7			X	
8		X		
9	X			
10	X			
11		X		
12	X			
13		X		
14			X	
15	X			
16		X		
17			X	
18		X		
19			X	
20		X		

N.º de respostas correctas (C)

N.º de respostas incorrectas (Z)

Puntuación do test= $C \times 0,5 - Z \times 0,10$

**Nas preguntas de test, por cada resposta incorrecta descontaranse 0,10 puntos.
As respostas en branco non descontarán puntuación.**